



Acta nº 06-25/26

En Ourense a 9 de Marzo de 2026, ás 12:10 reunímonos Carlos Vila, María José Álvarez, Susana Rodríguez, Paula Atrio e Pablo Álvarez para o seguinte orde do día:

- Seguimento das programacións didácticas.
- Avisos
- Rogos e Preguntas.

Seguimento das programacións didácticas

Insísteselle a todos os integrantes do departamento a importancia de actualizar en Proens o seguimento das programacións didácticas e que reflectan o impartido en cada materia e grupo dende comezo do curso ata a actualidade.

No repaso feito durante a reunión apréciase que a maioría das materias e grupos presentan un cumprimento da programación sen grandes desviacións, mais detectáronse as seguintes desviacións puntuais:

- Susana leva un pouco de retraso na UD de electricidade en 2ºESO. É probable que se deslice á 3ª avaliación.
- Paula informa que en Dixitalización de 4ºESO non vai dar rematado a UD de audiovisual na 2ª avaliación.
- En TIC I Paula leva un pouco de atraso para completar o comprometido para a 2ª avaliación.

Existe consenso entre todos os profesores de Tecnoloxía sobre que as saídas didácticas que están a ter os alumnos ó longo desta avaliación e organizadas polo centro inflúen na evolución prevista das distintas programacións didácticas xa que se ven reducidas as horas dispoñibles para impartir materia. Tamén se fai fincapé no beneficiosas que son para o alumnado.

Avisos

Deuse conta das saídas realizadas nas pasadas semanas e que foron organizadas polo departamento de Tecnoloxía.

- Visita a Telemiño e a Orember (Finsa)
- Visita a Parque eólico de Endesa en Paradela



Ámbalas dúas foron un éxito e cumpriron as expectativas tanto de alumnado como de profesorado.

As vindeiras visitas organizadas dende este departamento serán para alumnos de 2ºESO á EDAR de Reza (21 de Abril ás 10:30 dous grupos) e á central hidroeléctrica de Velle (9 de Abril, un grupo ás 9:45 e outro ás 11:45).

Tanto Susana como Paula (docentes as dúas de Tecnoloxía e Dixitalizaicón II) seleccionarán un grupo seu para cada unha das dúas visitas previstas. É importante xestionar as autorizacións con antelación para ter todo preparado antes da Semana Santa.

Rogos e Preguntas

Susana pide material para o Taller 2. Cinta illante, LEDs e Resistencias.

Pablo roga mellorar a orde e limpeza no Taller 2 e insiste en que se se estraga unha folla de serra, que se cambie na clase que ocorre e quede reparada para futuros empregos.

Con todos estes asuntos, levantouse sesión ás 12:30.

Asinado Xefe do Departamento

Carlos Vila